



Franky é unha nena grande,
moi grande, enorme!

Ten moitos xoguetes feitos
por seu pai, pero ela quere...
xogar con nenos da súa idade!

Franky vai ir á escola,
conseguirá ter amigas e amigos?



Na mesma colección:
Unha momia moi famenta
Un vampiro perigozo
A pantasma das bragas rotas

ISBN: 979-13-87834-54-8 www.nubeocho.com



FRANKY FRANKENSTEIN

José Carlos Andrés Gómez



FRANKY FRANKENSTEIN



JOSÉ CARLOS ANDRÉS
GÓMEZ

Para Ari e Leo, Leo e Ari. Porque son XENIAIS.

José Carlos Andrés



Franky Frankenstein

Colección Somos8

© do texto: José Carlos Andrés, 2025

© das ilustracións: Gómez, 2025

© da edición: NubeOcho, 2025

© da tradución: Iria Carballo, 2025

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Franky Frankenstein*

Primeira edición: Outubro, 2025

ISBN: 979-13-87834-54-8

Depósito Legal: M-15581-2025

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

FRANKY FRANKENSTEIN

José Carlos Andrés
Gómez



Franky Frankenstein era unha nena un pouco **GRANDE**.

En realidade, era **BASTANTE GRANDE**.

Era **MOI GRANDE!**



Franky Frankenstein tiña unhas compañeiras
de xogo **MOI ESPECIAIS:**

A piraña que raña, a serpente Mordente,
varios Mococho e...



MOITOS XOGUETES feitos por Papá Frankenstein!
Cabazas berronas, vasoiras mexonas, bruxas cagonas...



Franky Frankenstein tamén tiña unha mestra:

EIRA, A CAVEIRA!

Franky tiña de todo, pero faltáballe algo...

Algo lle faltaba...

QUE LLE FALTABA a Franky Frankenstein?



—EUREKA! —exclamou Papá Frankenstein—. Franky, fabriqueiche unha nova amiga monstra...



—Por que pos esa cara? Non che gusta?

—Si, papá, pero eu quero... Eu quero...

Eu quero **XOGAR CON OUTRAS NENAS E NENOS!**



—Miña rula, a xente da vila non é coma ti...

—Pero a min gustaríame coñecelos!

—Está ben, Franky, se iso é o que queres...


Cando Franky saíu do castelo deuse conta de que Papá Frankenstein tiña razón: na vila toda a xente tiña os ollos e as bocas moi abertos.

E ademais ían cunha **PRÉSA TERRIBLE!**



Franky seguiu camiñando e entón escoitou:

UI, UI!



—Perdón, asusteime ao verte —dixo unha nena
pequerecha—. Veño da escola e agora ía para a casa...



—A escola? **QUE É A ESCOLA?** —preguntou
Franky, curiosa.

—É un sitio ao que as nenas e os nenos imos
para aprender. E tamén xogamos moito!

—Ala, que ben soa iso! Eu... Eu...

Eu chámome **FRANKY FRANKENSTEIN.**

